



BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE VIMIANZO DE DATA 28-08-2020.

Expte: 2020/G010/000010

Na vila de Vimianzo, ás nove horas do día vinte e oito de agosto de dous mil vinte, na sala de sesións da Casa do Concello, constitúese en primeira convocatoria o Pleno do Concello ao obxecto de levar a cabo a sesión ordinaria convocada para este día.

Asisten os seguintes membros de xeito presencial:

D. Mónica Rodríguez Ordóñez, alcaldesa- presidenta. (PSdeG-PSOE).

Concelleiros/as:

D. Victor Muíño Ramos. (PSdeG-PSOE)
Dna. M^a. José Pose Pérez. (PSdeG-PSOE)
D. Miguel A. Pérez Méndez. (PSdeG-PSOE)
Dna. Rosa Blanco Lema. (PSdeG-PSOE)
D. Mario Andújar Mouzo. (PSdeG-PSOE)
D. Manuel Antelo Pazos. (A.V)
D^a. Marta Rey Lema. (A.V)
D^a. María Jesús Barbeira Pose. (A.V)
D^a. Raquel Rodríguez Amigo. (PP)
D. Francisco M. Calzas Suárez. (PP).

Secretario Xeral: D. Francisco Javier Novoa Juiz.

Interventora Xeral: D.^a Lourdes Castro Pena

Non asisten os seguintes concelleiros:

D. Eugenio Vidal Quintáns. (A.V).
D. Francisco Trillo Pazos. (A.V).

ORDE DO DÍA:

A) Sección resolutiva

- 1º. Ditame sobre a modificación da Ordenanza Fiscal núm.24.
- 2º. Aprobación da conta xeral do exercicio 2019.

B) Sección de control

- 3º. Dación de conta de resolucións da Alcaldía-Presidencia.
- 4º. Dación de conta de asuntos económicos.
- 5º. Mocións de urxencia.



6º. Rogos e preguntas.

Dna. Marta Rey excusa a Uxío por motivos persoais e familiares e a Francisco Trillo por motivos laborais xa que a hora do Pleno coincide co seu traballo.

A continuación comeza o debate plenario da orde do día:

A) Sección resolutiva

1º. Ditame sobre a modificación da Ordenanza Fiscal núm.24.

O Secretario da corporación lee o ditame emitido pola Comisión de Benestar Social celebrada o 25 de agosto de 2020 que se reproduce a continuación:

"1. Proposta de ditame sobre a modificación da Ordenanza Fiscal núm.24.

Dáse conta da proposta da Alcaldía, de data 20 de agosto de 2020, que se transcribe literalmente:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

ASUNTO: MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚM. 24 DO CONCELLO DE VIMIANZO. Exp.2020/X999/000382

A Lei 7/2019 de medidas fiscais e administrativas añade na Lei 13/2018 de servizos sociais de Galicia a «Disposición adicional novena Actuaciones para conseguir la gratuidad de la atención educativa en las escuelas infantiles de 0-3 años para segundos/as hijos/as y sucesivos/as

1. En las escuelas infantiles de 0-3 años dependientes de la Agencia Gallega de Servicios Sociales y del Consorcio Gallego de Igualdad y Bienestar, con el fin de lograr el objetivo de interés público, por razones de impulso demográfico y conciliación, de conseguir la gratuidad de la atención educativa en ellas en el caso de la matriculación del segundo hijo o hija y sucesivos/as de la unidad familiar, se aplicará para estos una bonificación del 100 % de los precios públicos o contraprestaciones pecuniarias que se encuentren en cada momento en vigor.

La bonificación del 100 % de las cantidades correspondientes a la atención educativa en el supuesto de matriculación del segundo hijo o hija y sucesivos/as de la unidad familiar se aplicará también en el caso de las plazas contratadas por la consejería competente en materia de servicios sociales en escuelas infantiles de titularidad privada, por lo que la Administración autonómica asumirá, de acuerdo con el régimen previsto en el contrato, el pago de las cantidades que, en su caso, correspondan por el indicado concepto a la unidad familiar.

Esta medida tendrá efectos económicos desde el 1 de abril de 2020 o desde la fecha anterior que se determine, atendidas las disponibilidades presupuestarias, por resolución de la persona titular de la consejería competente en materia de servicios sociales, publicada en el Diario Oficial de Galicia, y se aplicará directamente, sin perjuicio de la posterior adaptación de la normativa sobre precios en vigor a lo dispuesto en esta disposición.

2. Con el mismo objetivo recogido en el número anterior, en las escuelas infantiles de 0-3 años dependientes de las entidades locales que hayan implantado para la atención educativa un sistema de copago en cuantía equivalente a la derivada del régimen de precios establecido por la Xunta de Galicia en las escuelas infantiles de titularidad autonómica, en caso de que las indicadas entidades opten voluntariamente por el establecimiento y aplicación, a partir de la matriculación en ellas del segundo hijo o hija de la unidad familiar, estos incluidos, de la bonificación del 100 % establecida en el número anterior, y así lo justifiquen, serán compensadas por la consejería competente en la materia de servicios sociales en esa cuantía mediante su inclusión en el sistema de cofinanciación de servicios sociales.

En caso de que las entidades locales hayan implantado para la atención educativa un sistema de copago en cuantía superior a la derivada del régimen de precios establecido por la Xunta de Galicia para las escuelas infantiles de titularidad autonómica, el importe de la compensación regulada en el párrafo anterior sólo podrá alcanzar una cuantía equivalente a la derivada del aludido régimen de precios, siempre que aquellas justifiquen la aplicación de la bonificación del 100 % de la cuantía de los



precios públicos o contraprestaciones pecuniarias que se encuentren en cada momento en vigor, y será a cargo de las entidades locales la cuantía de la bonificación en lo que exceda de la cantidad compensada por la Administración autonómica, debiendo consignarse en los presupuestos de la entidad local las dotaciones oportunas.

A los efectos de lo dispuesto en esta disposición, respecto de las entidades locales que opten por la aplicación de la bonificación establecida, se entenderá que existen razones de interés público que permiten fijar la cuantía de los precios públicos o contraprestaciones pecuniarias por debajo del límite del coste del servicio.

La medida establecida en este número podrá tener efectos económicos en el curso 2020-2021 y ser aplicable directamente, siempre que los órganos competentes de las entidades locales acuerden su establecimiento y aplicación, sin perjuicio de que deban proceder a la adaptación de su normativa sobre precios o contraprestaciones en vigor a lo dispuesto en esta disposición.

Visto canto antecede, esta Alcaldía PROPÓN ao Pleno, previo ditame da Comisión Informativa de Benestar Social, a adopción do seguinte ACORDO:

O establecemento dunha bonificación do 100% sobre a respectiva cota tributaria que en cada momento se atope en vigor no suposto de matriculación do segundo fillo/a e sucesivos/as da unidade familiar, é dicir cando o neno ou nena para o cal se solicita praza ocupa o segundo lugar ou sucesivo no número de orde dos fillos/as que componen a unidade familiar.

Modificar en tal sentido a Ordenanza fiscal num 24 deste Concello, incluíndo no seu art 7 o párrafo indicado.

Que esta bonificación, sen perxuízo da continuidade do procedemento legalmente establecido de modificación de ordenanza, sexa aplicable, tal e como a norma mencionada establece, co inicio do curso 2020-2021.

O que asino en Vimianzo,
A Alcaldía
Mónica Rodríguez Ordóñez
(documento asinado electrónicamente)”

Sometido o asunto a votación, a Comisión Informativa de Benestar Social, por dous votos a favor do PSdeG-PSOE, tres abstencións (2 de Adiante Vimianzo e 1 do PP), e ningún voto en contra, ditaminou favorablemente a proposta de acordo.”

A interventora explica brevemente o motivo da modificación derivada dunha lei autonómica.

A Alcaldesa-Presidenta traslada que é unha opción que asume o concello co fin de que se as familias cumpren os requisitos poidan acceder á bonificación obxeto desta modificación.

Dna. Marta Rey dí que estamos ante un aforro importante para os pais pero que estamos ante unha lei que foi publicada no decembro pasado e que non entende como se tardou tanto en aprobar sen perxuízo do carácter retroactivo da bonificación.

A Alcaldesa-Presidenta contesta que se tardou porque había que estudar o asunto e amáis ata este momento non se aclaraba deste a Xunta se era só para galiña azul ou para o resto de centros escolares tamén.

Pásase á votación do asunto obtendo un resultado favorable por unanimidade dos presentes.

2º. Aprobación da conta xeral do exercicio 2019.

O Secretario da corporación lee o ditame emitido pola Comisión de Contas, Facenda e Orzamentos celebrada o 26 de maio de 2020 que se reproduce a continuación:

“1. Conta xeral do exercicio 2019.

Dase conta da proposta da Alcaldía, de data 28 de abril de 2020, que se transcribe literalmente:



"PROPOSTA DE ACORDO CONTA XERAL DE 2019

Considerando a necesidade de proceder a aprobación Conta Xeral do Orzamento desta Entidade, correspondente ao exercicio económico de 2019, en cumprimento do disposto na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e no Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Considerando que, formada e informada dita Conta Xeral, pola Intervención Municipal, foron comprobados os libros, documentos e xustificantes oportunos, así como toda a documentación anexa á mesma e esixida pola vixente lexislación, por esta Presidencia propón o seguinte acordo,

PRIMEIRO. Aprobar a Conta Xeral do Municipio do exercicio 2019, que quedou cumpridamente xustificada, e que está integrada polos seguintes documentos:

- a) O Balance.
- b) A Conta do resultado económico-patrimonial.
- c) O estado de Liquidación do Orzamento.
- d) O de cambio do patrimonio neto.
- e) O estado de fluxos de efectivo.
- d) A Memoria.
- e) Actas de arqueo das existencias en Caixa referidas a fin de exercicio.
- f) Notas ou certificacións de cada entidade bancaria dos saldos existentes nas mesmas a favor da entidade local, referidos a fin de exercicio.

SEGUNDO. Ordenar que a referida Conta, así como o propio informe emitido por la Comisión de Contas, sexan expostos ao público, por prazo de quince días, a fin de que durante dito prazo e oito máis, quen se estimen interesados poidan presentar cantas reclamacións, reparos ou observacións, teñan por convenientes.

A Alcaldesa
Mónica Rodríguez Ordoñez"

Aberto a quenda de intervencións, a Sra. Alcaldesa explica que é un acto de trámite para a aprobación da conta xeral correspondente ao exercicio anterior.

Os representantes dos grupos municipais do PP e de Adiante Vimianzo, non manifestan nada ao respecto.

Rematadas as intervencións e sometido o asunto a votación, a Comisión Informativa de Contas, Facenda e Orzamentos, por dous votos a favor do PSdeG-PSOE, tres abstencións (2 de Adiante Vimianzo e 1 do PP), e ningún voto en contra, ditaminou favorablemente a proposta de acordo."

Ninguén desexa facer constar nada polo que pásase á votación do asunto obténdose o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: 6 (PSdeG-PSOE).

ABSTENCIÓNS: 5 (3 A.V.; 2 PP).

Queda por tanto aprobada.

B) Sección de control

3º Dación de conta de resolucións da Alcaldía-Presidencia.

O Secretario da conta dos números de Resolución da Alcaldía adoptadas desde o día 28-07-2020 con número 736/2020 ata o día 25-08-2020 con número 817/2020.

O Pleno do Concello douse por enterado.



4º. Dación de conta de asuntos económicos.

Da conta a interventora dos datos trimestrais previstos normativamente.

- Informe de morosidade, segundo trimestre 2020.
- Informe PMP, segundo trimestre 2020.
- Estado de execución do orzamento de 2020 correspondente ao 2º trimestre.

O Pleno do Concello douse por enterado.

5º. Mocións de urxencia

O secretario xeral indica que non se presentaron mocións.

6º. Rogos e preguntas.

Dña. Raquel Rodríguez roga que se leven máis asuntos a Pleno.

Pregunta como se limpia nos Centros Escolares; que ocorre cuns tubos que se están a colocar en Baíñas e que se están asfaltando entradas de particulares. Amáis solicita se retome o plan de axudas para autónomos e que vai a pasar co destiño dos remanentes que hai que mandar ó goberno central.

Dña. Marta Rey pregunta cando foi o importe da obra de acondicionamento dunha vivenda da igrexa para destinala a servizos sociais.

A Alcaldesa-Presidenta contesta que todo o que hai que traer ó pleno se trae, o resto que se pode facer segundo a lei a través de medios máis áxiles vai por decretos ou acordos da xunta de goberno local, e así pódese ver o número de decretos que se dictan mensualmente que poñen esto de manifesto.

En relación coa limpeza dos colexios, traslada que tiveron reunións e se están a acometer e concretamente en San Vicensenzo empezou unha obra a Xunta de Galicia sen avisar e por tanto non puideron comezar a limpeza. Ademais e discutible que sexa competencia do concello.

En relación coas obras de tuberías, é unha actuación puntual nun lado da calzada por problema de augas e o asfaltado descoñece ó que se refire.

Continuando co Plan de Axudas, asignáronse aproximadamente 140.000 euros dos que poñe o concello sobre 32.000 euros de xeito que se está a tramitar o expediente de modificación de crédito e cando se teña se concluirá, hai unha pasos a dar e non se poden saltar.

En canto ó uso do remanente, estase á espera de coñecer a fondo os aspectos relativos ó seu destiño.

Por último, se comunicará o custo da obra de acondicionamento de vivenda da igrexa xa que descoñece exactamente o mesmo. En todo caso, deriva dun convenio para cubrir necesidades de carácter social e solidariedade para que entren familias en situación de risco ou exclusión social.

Non tendo máis asuntos que tratar, sendo as 09:28 horas a Alcaldesa-Presidenta levanta a sesión, e eu como Secretario do Pleno redacto esta borrador a reserva dos termos que resulten da súa aprobación, en Vimianzo, o 28 de agosto de 2020.



A Alcaldesa
Mónica Rodríguez Ordóñez

O Secretario Xeral
Francisco Javier Novoa Juiz